# Informe

Indicador de transparencia número 69:

| Modificacións dos contratos públicos formalizados durante o ano 2019 | |
|---|---|
| Responsable: | Servizo de Contratación |
| Actualización: | Permanente, na medida en que se produza un cambio, variación ou modificación |
| Data da información: | A data da sinatura electrónica |
| Formato: | PDF |
| Límites: | - Non existen límites sobre protección de datos persoais<br>- Información que poida violar a garantía de confidencialidade (artigo 14.1.k da LTAIBG) |

Durante a vixencia dos contratos asinados entre o Concello de Vigo e contratistas para o desenvolvemento de obras, servizos, subministros ou o resto de formas contractuais previstas poden apreciarse a necesidade de realizar unha modificación do inicialmente pactado.

Estas modificacións deberán atender en todo caso por razóns de interese público e tal e como aparece previsto nos casos legais, cando se determinara de por adiantado no prego de cláusulas administrativas particulares ou excepcionalmente, cando non sexa así, porén se dean unhas condicións legalmente previstas.

O Concello de Vigo e entidades dependentes aprobaron as seguintes modificacións de contratos durante o ano 2019:

| **MODIFICACIÓN Nº 1 DAS OBRA DE "IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA"** | | |
|---|---|---|
| ORECO, S.A. | 17 de xaneiro de 2019 | EXPTE. 4694/440 |
| "1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 do PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA, redactado polo Enxeñeiro Industrial, D. Javier de la Puente Crespo, con un importe adicional, aplicada a baixa ofertada, de 85.231,09€ o que supón un incremento adicional líquido de 90.202,32€, supoñendo un 17,18% de modificación sobre o prezo de adxudicación por causas xustificadas no art. 15 das FEC.<br>2º.- Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 1539.619.00.08 do orzamento municipal, a cal conta con crédito adecuado e suficiente a nivel de bolsa de vinculación." | | |

| **CONTRATO DE SERVIZO DE VIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO** | | |
|---|---|---|
| PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L., | 17 de xaneiro de 2019 | EXPTE. 3866/321 |

ASINADO POR: Xefa Do Servizo De Contratación (Beatriz Barbará Rodríguez) 2019-11-25T10:22:52+01:00 - CONCELLEIRA CONTRATACIÓN PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 2019-11-25T10:27:33+01:00 -
Documento asinado

ASINADO POR: Xefa Do Servizo De Contratación (Beatriz Barbará Rodríguez) 2019-11-25T10:22:52+01:00 - CONCELLEIRA CONTRATACIÓN PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 2019-11-25T10:27:33+01:00 -
Documento asinado

“1º.- Modificar o contrato do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3401-321), nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de de Participación cidadá de data 2 de novembro de 2018, que consiste na incorporación dun novo centro correspondente ao inmoble municipal situado na rúa San Miguel nº 2, rúa Eduardo Cabello 39, e rúa Alfolíes 10, denominado “Casa do Patín”, en Bouzas e adscrito ao servizo de participación cidadá como Centro Municipal de Distritos de Bouzas. A modificación representa un 15,63% do prezo primitivo do contrato.
2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que supón un incremento do seu importe anual en 15.705,26 € dende o 10/01/2019 ao 30/06/2021, que se distribuirían orzamentariamente segundo o indicado no citado informe:

- ano 2019: 15.274,98 €
- ano 2020: 15.705,26 €
- ano 2021: 7.852,63 €

TOTAL: 39.263,15 €
3º.- Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.
4º.- Formalizar por escrito a presente modificación.”

| **CONTRATO DE OBRAS DE CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DE “VILLA SOLITA”** | | |
|---|---|---|
| OREGA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L. | 7 de marzo de 2019 | EXPTE. 8846/307 |

“1º.- Modificar o contrato de obras de de “CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DE “VILLA SOLITA” .
2º.- Aprobar o PROXECTO MODIFICADO Nº 1 SEN INCREMENTO ECONÓMICO DAS OBRAS DE CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DA EDIFICACIÓN COÑECIDA COMO “VILLA SOLITA” (ALCABRE), redactado polo arquitecto Víctor Hermo Sánchez.
3º.-Levantar a orde de suspensión das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de “Villa Solita” (Alcabre), determinada pola Concelleira de Patrimonio Histórico con data 25 de xaneiro de 2019.
4º.- Formalizar por escrito a presente modificación.”

| **CONTRATO PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGUÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR EN PERIODO LECTIVO NUN HIGH SCHOOL “VIGO EN INGLES 2019”.** | | |
|---|---|---|
| NEW LINK EDUCATION, S.L. | 22 de abril de 2019 | EXPTE. 6312/241. |

“1º.- Modificar o contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión linguística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2019” (expte. 19872-332), adxudicado á empresa “Newlink Education, S.L”, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xaneiro de 2018, polo incremento de 147 prazas no programa que pasarán de 750 a 897 alumnos beneficiarios/as; conforme ao proxecto técnico revisado presentado pola empresa adxudicataria “Newlink Education, S.L” que obra no expediente.
2º.-Autorizar o incremento de gasto do contrato “Vigo en Inglés 2019” (expte 19872-332) en 340.893,00.-€, con cargo á partida 3260.227.99.17 do vixente presuposto “Programa Educativo Aulas Internacionais”, sendo o prezo total actualizado do contrato para 2019 de 2.045.358,00.-€
3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato, “Newlink Education, S.L” deberá reaxustar a garantia definitiva polo importe de 17.044,65.-€ (correspondente ao 5% do valor do incremento da modificación do contrato).
4º.- Formalizar por escrito a presente modificación.”

| CONTRATO DE SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS MUNICIPAIS | | |
|---|---|---|
| GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. | 25 de abril de 2019 | EXPTE. 116/441 |

**“Primeiro**: Modificar o contrato de subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, Pazo de Congresos e dependencias do concello de Vigo, adxuciadao a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., incrementando o seu prezo un 10 % (8.700,00 €), ascendendo o seu importe a 85.700,00 €

**Segundo**: Autorizar o gasto correspondente á modificación, que se distribuirá orzamentariamente da forma seguinte:

Aplicación orzamentaria 3230.221.02.00. 2.600,00 €

Aplicación orzamentaria 9200.221.02.00. 5.900,00 €

Aplicación orzamentaria 9202.221.02.00. 200,00 €

Total: 8.700,00 €

**Terceiro**: Aprobar a prorroga do citado contrato polo período de 1 mes, entre o 29/04/2019 ata o 28/05/2019 .

**Cuarto.-** Autorizar o gasto correspondente á prórroga, por un importe máximo de 21.750,00 €, IVE engadido, sendo o importe do IVE o de 3.774,79 €, que se distribuirá orzamentariamente da forma seguinte:

Aplicación orzamentaria 3230.221.02.00. 6.500,00 €

Aplicación orzamentaria 9200.221.02.00. 14.750,00 €

Aplicación orzamentaria 9202.221.02.00. 500,00 €

Total: 21.750,00 €

”

| MODIFICACIÓN DO LOTE Nº 4 DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGOVIGO. | | |
|---|---|---|
| SAGRES, S.L. | 19 de julio de 2019 | EXPTE. 6347/241 |

“1º.- Modificar o lote 4 do contrato de subministro de vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo, incrementando o orzamento máximo do contrato en:

- 31.285,76 euros no exercicio 2019, que equivale a un 6,24 % do mesmo.
- 28.057,67 euros no exercicio 2020, que equivale a un 5,59 % do mesmo.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que se distribuirá orzamentariamente da forma seguinte:

| Aplicación orzamentaria | | | 2019 | 2020 |
|---|---|---|---|---|
| 9200 | 221.04.00 | Vestiario servizos municipais | 31.285,76 € | 28.057,67 € |

ASINADO POR: Xefa Do Servizo De Contratación (Beatriz Barbará Rodríguez) 2019-11-25T10:22:52+01:00 - CONCELLEIRA CONTRATACIÓN PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 2019-11-25T10:27:33+01:00 -

Documento asinado

ASINADO POR: Xefa Do Servizo De Contratación (Beatriz Barbará Rodríguez) 2019-11-25T10:22:52+01:00 - CONCELLEIRA CONTRATACIÓN PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 2019-11-25T10:27:33+01:00 -

Documento asinado

3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato SAGRES, S.L., deberá reaxustar a garantia definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación."

| CONTRATO CONTRATO DO SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO | | |
|---|---|---|
| CIVIS GLOBAL, S.L. | 9 de agosto de 2019 | EXPTE. 6351-241 |

"1º.- Modificar o contrato do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, nos termos reflectidos no informe da enxeñeira municipal de data 23 de maio de 2019 coas aclaracións do informe de data 27 de xullo con respecto aos datos económicos, que consisten nun incremento das operacións de reparación e mantemento descritas na cláusula 10 do PPT. Esta segunda modificación representa un 6,18 do prezo primitivo, que en conxunto coas modificacións do contrato xa efectuadas, supón un total dun 9,98 % do mesmo.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, 395.742,96€, que se imputará á aplicación orzamentaria 1532.210000 (contrato mantemento viais).
3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato CIVIS GLOBAL, S.L., deberá reaxustar a garantía definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación."

| CONTRATO DE SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES DA CIDADE DE VIGO | | |
|---|---|---|
| ALTHENIA, S.L. | 30 de agosto de 2019 | EXPTE. 11945/446 |

"1º.- Modificar o contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo, nos termos reflectidos no informe do enxeñeiro municipal de data 12 de marzo de 2019 coas correccións do informe de data 12 de xullo con respecto a data de inicio e o seu importe, que consisten tanto en ampliacións como detracción da superficie das zonas verdes obxecto deste contrato como na incorporación de novas zonas verdes ao mesmo. Esta terceira modificación representa un 1,1175 do prezo primitivo do contrato, que en conxunto coas modificacións do contrato xa efectuadas, supón un total dun 7,17 % do mesmo.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputará á aplicación 1710 – 2279901, e se distribuirá orzamentariamente da forma seguinte:

| Ano de aplicación | Período | Importe económico (e/ano) |
|---|---|---|
| Ano 2019 | Do 1 de setembro ao 31 de decembro | 84.620,80€ |
| Ano 2020 | Do 1 de xaneiro ao 15 de xuño | 116.353,60€ |
| TOTAL | | 200.974,40€ |

3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato ALTHENIA, S.L., deberá reaxustar a garantia definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación.””

**CONTRATO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ÁREAS DEPORTIVAS E MOBILIARIO URBANO DO CONCELLO DE VIGO.**

| | | |
|---|---|---|
| Ferrovial Servicios, S.A | 30 de agosto de 2019 | EXPTE. 11811/446. |

“1º.- Modificar o contrato de servizo de o contrato de servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano do concello de Vigo, nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns de data 26 de xullo de 2019, que consistirán nun incremento de superficie en áreas de parques infantís, nunha detracción de superficie en áreas biosaudables e nun incremento de unidades de bancos e bebedoiros. Esta cuarta modificación representa un 0,45 do prezo primitivo do contrato, que en conxunto coas modificacións do contrato xa efectuadas, supón un total dun 8,14 % do mesmo.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputará á aplicación 1710.2279902 MANTEMENTOS DE PARQUES INFANTÍS E BIOSALUDABLES, con cargo á bolsa de vinculación, e se distribuirá orzamentariamente da forma seguinte:

| Ano de aplicación | Período | Importe | % Adxudicación do prezo do contrato |
|---|---|---|---|
| Ano 2019 | Do 1 de Agosto o 31 de decembro | 2.264,79 | 0,16 |
| Ano 2020 | Do 1 de xaneiro o 31 de Abril | 4.108,98 | 0,29 |
| Total | | 6.373,77 | 0,45 |

3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato Ferrovial Servicios, S.A., deberá reaxustar a garantia definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación.”

**MODIFICACIÓN DO LOTE 1 DO CONTRATO PARA A XESTIÓN MEDIANTE CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO EN DIFERENTES LUGARES DA CIDADE**

| | | |
|---|---|---|
| UTE Eloymar – Tranvías | 17 de outubro de 2019 | EXPTE. 279/441 |

“1º.- Modificar o lote 1 do contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da Cidade. A modificación consiste nas seguintes afeccións ao aparcadoiro de Policarpo Sanz polas obras de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria”:

- A perda temporal de 13 prazas do soto -1 durante a execución das obras.
- A perda definitiva de 7 prazas do soto -1 e o retranqueo no peche do cuarto de instalacións.

Esta modificación representa aproximadamente un 0,53% do prezo de execución do

ASINADO POR: Xefa Do Servizo De Contratación (Beatriz Barbará Rodríguez) 2019-11-25T10:22:52+01:00 - CONCELLEIRA CONTRATACIÓN PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 2019-11-25T10:27:33+01:00 -
Documento asinado

contrato do lote 1 (34.225.417,00 euros).

2º.- Autorizar o gasto correspondente á perda definitiva de 7 prazas por importe de 175.000 euros que se imputará á aplicación orzamentaria 1539.619.00.03 (DUSI Porta do Sol OT 4).
3º.- Minorar o canon anual das prazas rotatorias en 114,03 euros.
4º.- Formalizar por escrito esta modificación.”

| **MODIFICACIÓN CONTRATO ILUMINACIÓN DECORATIVA DA CIDADE DE VIGO DURANTE A CAMPAÑA DO NADA 2019-2020** | | |
|---|---|---|
| ILUMINACIONES XIMENEZ S.A. | 31 de outubro de 2019 | EXPTE. 6713/106 |

“1o.- Modificar o contrato de redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas Campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Comercio de data 17 de outubro de 2019, que consistirán nun incremento de arcos e motivos luminosos navideños nos termos sinalados no citado informe.
2o.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputará á aplicación orzamentaria 4310 2279900 “Instalación e mantemento da iluminación do Nadal, e se distribuirían orzamentariamente da forma seguinte:

| Ano de aplicación | Importe | % Adxudicacióndo prezo do contrato |
|---|---|---|
| Ano 2019 | 104.181,00 | 4,21 % |
| Ano 2020 | 104.181,00 | 4,21 % |
| Total | 208.362,00 | 8,42 % |

3o.- Previamente á formalización da modificación do contrato ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., deberá reaxustar a garantía definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.
4o.- Formalizar por escrito a presente modificación.”

As modificacións dos contratos deben tramitarse de acordo co disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que as regula nos artigos 203 a 207.

Pola súa natureza e as obrigas de transparencia e publicidade na contratación, é de obrigado cumprimento a súa publicación no Perfil do Contratante, de acordo co artigo 63.3.e) da lei de referencia. Esta información debe aparecer integrada na Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACE) de acordo co artigo 347 da LCSP e se pode consultar no seguinte enderezo web, para cada un dos expedientes de contratación do Concello de Vigo:

PLATAFORMA DE CONTRATACIÓN DEL SECTOR PÚBLICO

https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3AperfilContratante&idBp=MXWpfb1rXoYQK2TEfXGy%2BA%3D%3D

rvr

ASINADO POR: Xefa Do Servizo De Contratación (Beatriz Barbará Rodríguez) 2019-11-25T10:22:52+01:00 - CONCELLEIRA CONTRATACIÓN PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 2019-11-25T10:27:33+01:00 -

Documento asinado

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe,

A Xefa do Servizo de Administración Electrónica, Beatriz Barbará Rodríguez.

A Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Patricia Rodríguez Calviño.

ASINADO POR: Xefa Do Servizo De Contratación (Beatriz Barbará Rodríguez) 2019-11-25T10:22:52+01:00 - CONCELLEIRA CONTRATACIÓN PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 2019-11-25T10:27:33+01:00 -

Documento asinado